

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE COMO LEI FUNDAMENTAL DO CONTRATO REXERÁ NO CONCURSO URXENTE PARA ADXUDICAR MEDIANTE O PROCEDIMENTO ABERTO AS OBRAS DE " MELLORAS E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTONICAS PARA ACCESO A MINUSVALIDOS NO CLUBE DE TENIS CODESAL- A GUARDA"

OBXECTO DO CONTRATO.- As obras obxecto do contrato son para mellora en instalacións existentes así coma para garantir un perfecto acceso de persoas discapacitadas o clube. A adxudicación da obra levarase a cabo mediante o estipulado no presente PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS, que formará parte do contrato de adxudicación de obra que no seu día se outorgue.

1.- FINANCIAMENTO DA OBRA .- A empresa adxudicataria da obra comprométese a financiar a obra nun período mínimo de 4 anos, percibindo certificacións mensuais, semestrais ou ben anuais, polo importe que resulte da división entre o total da obra e os anos ou meses de financiación.

A financiación da obra forma parte do baremo de puntualización do concurso, de tal xeito que un maior prazo de financiación incrementa a puntuación.

2.- DURACIÓN DO CONTRATO E EXECUCIÓN DAS OBRAS.- A duración do contrato exténdese dende a data de notificación do acordo de adxudicación definitiva das obras ata a finalización e posterior certificación das mesmas.

As obras deberán ser entregadas dentro dos CINCO MESES seguintes a sinatura do contrato, sendo este o prazo MAXIMO de execución da obra.

Asemade as obras terán que iniciarse en todo caso no prazo de 15 días dende a data de adxudicación do correspondente contrato, quedando resolto o mesmo en caso contrario.

A recepción das obras efectuarase cando se atopen en bo estado, dentro dos 7 días seguintes a finalización das mesmas.

Cando as obras non esten en condicións de ser recibidas, farase constar así na Acta e o presidente do clube sinalará os defectos detectados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para a súa corrección.

Correxidos os devanditos defectos e transcorrido o tempo de facelo, outorgarase un novo prazo para levar a cabo a corrección ou se declarará deserto o contrato, perdendo a empresa adxudicataria todos os dereitos adquiridos.

As obras realizadas contarán cas garantías recollidas na legislación vixente

3.- REALIZACIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS.- As obras realizaranse coa estrita suxección as cláusulas estipuladas no contrato e ó proxecto que serve de base o mesmo.

Incumbe ó Clube de tenis CODESAL exercer dun xeito continuado e directo, a inspección da obra durante a súa execución a través do técnico director da obra, e mailo seu persoal técnico, ou persoa nomeada polo clube a tal efecto. O contratista está obrigado non só a execución da obra, senón que responde ós defectos que na construción puideran advertirse, ata que se cumpra o prazo de garantía.

4.-PAGO DO PREZO DE ADXUDICACIÓN DE OBRA.- O pago do prezo do remate e as súas variacións legais, se proceden, efectuarase contra certificación de obra expedida pola empresa contratista, sempre acordo co descrito no punto 1 deste prego.

5.-CAPACIDADE MINIMA ESIXIDA PARA CONTRATAR- Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a correspondente clasificación, sendo esta: clase, subgrupo e categoría respectivamente: **C – 02 - D**

C: Licencia para actividades construtivas de edificacións.

02: Capacidade para construír estruturas de hormigón.

D: Capacidade para concursar a obras de entre 420.00 e 860.000 € de presuposto

6.-PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN, FORMALIDADE E DOCUMENTACIÓN.-

6.1 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.-

As proposicións presentaranse no clube de tenis Codesal durante o prazo de 18 días naturais seguintes ó da publicación do correspondente edicto de licitación no mesmo clube, efectuándose isto o día 04 de novembro de 2007.

Poderanse presentar proposicións por correo tendo o interesado que acreditar co resguardo correspondente a data do envío na OFICINA DE CORREOS.

Non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fora do prazo previsto no anuncio de licitación.

6.2.- FORMALIDADES.- MODELO DE PROPOSICIÓN:

D.: _____ maior de idade con DNI.: _____ e enderezo en _____ en nome propio ou en representación de _____ (conforme acredito con poder bastantado), informado do CONCURSO URXENTE para adxudicar mediante procedemento aberto as obras de "**MELLORAS E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTONICAS PARA ACCESO A MINUSVALIDOS NO CLUBE DE TENIS CODESAL- A GUARDA**",

comprométese a executalas atendendo ós criterios obxectivos de adxudicación:

A adxudicación da obra farase a empresa que máis puntos obteña, baremando estes atendendo ós seguintes criterios

- 1.- Tempo de execución de 5 meses **2 puntos**, sumando **1 punto** por cada mes que se diminúa
- 2.- Comezo inmediato instalacións deportivas (maximo de 15 días) **2 puntos**
- 3.- Financiación de 4 anos **3 puntos**, sumando **4 puntos** por cada ano de financiación adicional
- 4.- Persoal técnico da empresa **1 punto**
- 5.- Por cada 50.000 € menos no presuposto **2 puntos**

Empresa de economía social

SINATURA DO PROPOÑENTE E DATA."

As proposicións constarán de dous sobres pechados denominados A e B, facéndose constar en cada un deles o seu contido na forma que de seguido se indica, así como o nome do licitador.

A).- Sobre A, denominado DOCUMENTOS XERAIS PARA O CONCURSO DE

ADXUDICACIÓN DE OBRAS " MELLORA E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTONICAS PARA ACCESO A MINUSVALIDOS NO CLUBE DE TENIS CODESAL- A GUARDA", contera a seguinte documentación:

A.1.- Documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación no seu caso, do asinante da proposición, e máis da empresa, ben con orixinais ou fotocopias compulsadas, co seguinte:

- 1) DNI do licitador cando sexa persoa física ou empresario individual, debidamente compulsado, ou escritura da constitución de SOCIEDADE MERCANTIL, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando o empresario sexa persoa xurídica.
- 2) Poder bastantado polo Secretario do Concello cando se actúa en representación.
- 3) No caso de que se trate dunha unión temporal de empresas, cada unha delas terá que acreditar do xeito indicado no apartado anterior, a súa constitución, facendo tamén indicación dos empresarios que subscriben a proposición, a participación de cada unha das empresas, designando a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostentará a representación da unión diante da Administración.
- 4) Número de Identificación Fiscal.
- 5) Alta no IAE no enderezo do lugar das obras, (esixible ó adxudicatario).
- 6) Documento acreditativo de estar ó corrente coa Facenda Publica e o Concello de A Guarda.
- 7) Documento acreditativo de estar ó corrente coa SEGURIDADE SOCIAL, acreditando a súa inscrición e alta na mesma, así como a afiliación e ingreso das cotas doas traballadores a seu servizo ou de calquera outra débeda coa SEGURIDADE SOCIAL.
- 8) A designación do representante do contratista na obra e técnico competente responsable da obra, que poderá se-la mesma persoa.

A.2.- Acreditación da solvencia económica mediante informe de institucións financeiras, presentación das contas anuais o, no seu caso, extracto das mesmas en caso de persoas xurídicas, declaración da cifras de negocios global e das obras realizadas nos derradeiros tres anos

B).- Sobre B), denominado proposición para execución material das obras axustado ó modelo indicado no presente PREGO, será presentado pechado, podendo estar lacrado ou precintado, e terá a seguinte inscrición: **PROPOSICIÓN PARA OPTAR O CONCURSO DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS " MELLORAS E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTONICAS PARA ACCESO A MINUSVALIDOS NO CLUBE DE TENIS CODESAL- A GUARDA"**. Cada licitador unicamente poderá presentar unha proposición, non podendo tampouco presentar ningunha proposta de unión temporal, si o contratista o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal das que se presenten.

Os licitadores deberán presentar unha relación de equipos de maquinaria e medios auxiliares e persoais que a empresa se compromete a poñer a disposición da obra para a execución dos distintos traballos e que deberán formar parte do cadro de persoal e inmovilizado material da medida.

Garantía do cumprimento de tódalas normas legais aplicables a obra en relación co Plan de Seguridade e Saúde.

7.-CONSTITUCIÓN DA MESA E APERTURA DE PLICAS.- L- Terá lugar no Salón de Actos do clube as 20.00 horas do día hábil seguinte a aquel en que termine o prazo sinalado no

apartado 1 da cláusula anterior.

2.- A Mesa de Contratación estará integrada do xeito seguinte:

Presidente: Presidente do clube ou persoa en quen delegue.

➤ Vocais: 2 directivos do clube de tenis

3.- Concluído o prazo de presentación de proposicións, a MESA DE CONTRATACIÓN procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores no sobre B, xa que trátase dunha reunión de exame e estudo da documentación, publicándose o seu resultado NO ACTO PUBLICO DE APERTURA DE PROPOSICIONS. Se a Mesa de contratación observara efectos formais na documentación presentada poderá conceder, se o estima oportuno, un prazo non superior a dous días para que sexan corrixidos polo licitador.

Se a documentación tivera defectos sustanciais ou deficiencias materiais non subsanables será rexeitada a proposición.

8: ADXUDICACIÓN DEFINITIVA:

A mesa de contratación dictará resolución adxudicando o contrato á proposición máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos na base 6, ou declarar deserto ó concurso.

A adxudicación definitiva, unha vez acordada, será notificada ós participantes na licitación. Ó efectua-la notificación ó adxudicatario definitivo, será requirido a fin de formaliza-lo correspondente contrato administrativo.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O clube e o contratista terán que formalizar o contrato de adxudicación de obra en documento privado, dentro dos 15 días seguintes o da notificación da adxudicación definitiva.

Non obstante, o contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do propio contratista e a súa costa.

10.- RÉXIME DE SANCIÓN S.

O contratista está obrigado a cumpri-lo contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Cando o contratista, por causas imputables o mesmo, incorrera en demora respecto o cumprimento do prazo total, o Clube poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades que se establecen do seguinte xeito:

O incumprimento dos devanditos prazos establecidos na oferta presentada serán sancionados con CEN EUROS (100 €) por día de retraso e con DOUS MIL CINCOCENTOS (2500 €) por cada mes de retraso, existindo independencia total entre as dúas sanción s anteriores

A Guarda, 4 de Novembro de 2007 O presidente
Antonio Pimentel González